

Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 31 de xaneiro de 2022 (PLENO 01/2022)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución do 26 de xaneiro de 2022, e de acordo co previsto no art. 3.2 a) do R.D. 128/2018, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Sala de Plenos do concello de Carballo o **día 31 de xaneiro de 2022 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Sesión

Data da sesión: 31-01-2022
Hora: 20:30 h.

1.- Acta da sesión anterior (27/12/2021). Aprobación.

2.- Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022” da Deputación Provincial da Coruña. Aprobación. (CIFECRIC de 25/01/2022).

3.- Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022” da Deputación Provincial da Coruña. POS+Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios. Aprobación. (CIFECRIC de 25/01/2022)

4.- Orzamento xeral do concello de Carballo para o exercicio 2022. Reclamacións. Aprobación definitiva.

5.- Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000000247 de 18 de xaneiro, sobre políticas de gandería. (CIBPS de 25/01/2022).

6.- Seguimento de órganos de goberno:

6.1.- Resolucións da Alcaldía

6.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local

6.3.- Rogos e Preguntas

Segundo.- Da presente convocatoria e da orde do día darase pola Secretaría debida notificación a todos os membros da Corporación na forma e prazos legalmente previstos, e a través dos medios por eles aceptados expresamente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villán Fuertes